
ATENEA 58
Ateneo ferrolan



Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 58
Xaneiro 2026

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.gal

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores.

CONTIDO

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

LIMIAR

Moi bo e avegoso ano 2026

Encomezamos un ano cheo de renovados folgos para afrontar tódolos envites, retos e atrancos que nos atoparemos no camiño.

Poderíamos falar da brutalidade política ("trumpismo"); do risco de involución na Unión Europea (inacción, avasalamento, parálise); do crecemento e, en moitos casos, a consolidación da extrema dereita; da "Galicia bonita" da Xunta da Galicia e da súa falla de empatía cos traballadores do marisqueo, da pesca de baixura, do eucalipto, da descarbonización, da eólica mariña e a pesca, da cidade das TIC (e tac, parece un reloxo de corda que alguén esqueceu darlle corda); da carencia de conexións axeitadas e modernas co resto de Europa; dos fluxos de enerxía na mesma dirección; das rutas marítimas desaproveitábeis; da falla de captación de mercados para os nosos portos... En fin, dunha morea de pequenas cousas que pretenden ilustrar algúns dos retos que, como país, temos que enfrontar. Para elo, o primeiro paso e ter un goberno galego que crea na potencialidade do noso territorio. Que non sexa sucursalista e demande as transferencias de competencias para afrontar un moderno desenvolvemento económico que garanta o benestar da cidadanía.

Desde a directiva do Ateneo Ferrolán, a pesar destas pequenas notacións, afrontamos este ano, como dicía o principio, con afán de achegar, en primeiro lugar, á nosa masa social, pilastra fundamental da asociación, pero tamén á veciñanza, os nosos espazos e os nosos medios, tanto profesionais como técnicos. Sempre procuraremos seguir mellorando na disposición e difusión das nosas actividades e acoller aquelas iniciativas que arrequezan e reforcen o que é o Ateneo Ferrolán, un lugar para a cultura, aberto, cooperativo e solidario.

Verémonos no camiño. . .





Monicreque sen fíos

Ariadna Álvarez (alumna do colexio Cristo Rei)
Esther Raíndo (ilustracións)



HILDEGART
Monólogo de Hildegart Rodríguez coa súa nai.

(A obra empeza. O escenario ilumínase cunha luz tenue e fría. Ao seu paso, pódese ver unha cadeira no centro. Hildegart, de pé, obsérvaa, visualizando a súa nai fronte a ela;sentada alí, invisible. A súa voz comeza suave, pero cunha nota de amargura.)

Hildegart:
Nai...Aquí estás, perturbando nas esquinas da miña mente sen cesar. Pregúntome se aínda sigo sendo de suficiente interese como para que me escoites. Quizais o fun por un tempo, cando me deixaba controlar pola apatía da túa voz.

(Camiña lentamente ao redor da cadeira, cunha expresión abatida)

Durante moito tempo, considereite a miña artista. Todos os trazos da túa brocha coloreaban a miña vida coma se fose un cadro que estaría nun museo algún día. Pero non. Fun moito máis que un inocente cadro.

Construíchesme como un proxecto, froito das túas obsesións. Cada movemento que facía, cada pensamento, cada palabra que saía da miña boca; estaba manchada coa túa vontade e co teu orgullo, sen excepción. Era unha representación física das túas ideas, sen dereito a ter opinión propia. Creáchesme cun único obxectivo, e era o de ser unha muller nova, revolucionaria. En ningún momento tiñas pensado deixarme ter unha vida propia. Unha fóra do teu control.

(Detense fronte á cadeira, mirando á presenza ausente)

Como foi para ti, nai? Idear e crear algo de forma tan precisa, perfeccionando cada detalle, todo para que ao final cobrase unha identidade individual fóra dos teus gustos.

Ti non querías unha filla, nin sequera querías ser unha nai. Ti só querías unha marioneta. Querías manipularme para que fose todo aquilo que nunca puideches ser.

Pero non cumprín coas túas expectativas verdade? o único éxito sincero que tiven foi o fracaso. O que mellor se me deu era ser humana. Pero iso era outro fallo máis nos teus Ollos.

(O silencio inundou a habitación. Hildegart suspirou nun inútil intento de controlar a súa ira.)



Respóndeme, maldita sexa! que é do que te vergoñas máis, da túa incompetencia? de que eu arruinase a túa máis prezada creación? Aínda confrontándote, xa non tes a coraxe de volver e interiorizarme unha vez máis?

(Hildegart continuou, cun ton cheo de frustración)

Quen era para ti, nai? Que era? A nena prodixio? A muller liberal? Ou era só o reflexo da túa ambición?

Mirábasme como un escritor ve a súa obra inacabada; retocando cada palabra, intensificando a mensaxe, rompendo o papel ante o máis mínimo defecto. Ao final, non puiden ser perfecta, verdade? e nunca o ía a ser.

(Achégase á cadeira. A súa voz suavízase, pero non perde a carga emocional)

É iso o que te aterraba? A mera idea dunha imperfección? Que eu me saíse do guión. Que me convertese en algo máis que unha extensión da túa mente desequilibrada.

Tentaches de todo o que eras capaz. Planeando a miña vida antes de que houbese un principio. Planeando as miñas accións, reaccións, as miñas emocións. Derramaches pingas de suor, e mesmo de sangue.

Lembras o teu último intento desesperado? Lembras como o fixeches, nai? A túa obra desestabilizouse tanto que non había mérito en continuala. E antes de que puidese empeorar aínda máis, decidiches acabar con ela. Non ías poder soportar ver o teu erro constantemente polo resto da túa vida. Esa decisión selou os nosos destinos.

(Achégase aínda máis, os seus ollos fixos na cadeira, coma se vira á súa nai fronte a ela.)

O que ti consideras fracaso foi o meu maior logro. O que ti sempre quixeches. Conseguir romperme das túas cadeas foi a maior mostra de liberdade que che puiden dar. Agora o que por fin sei é que ti non querías unha "muller liberal", o que querías era crear a unha muller que axudase a dar o paso a outras. Non querías a unha que dese un paso por si mesma. Fun concibida para loitar polo que outras mulleres e ti levades tentando demostrar dende fai séculos. A intención non era crearme para facer un avance por min mesma; a intención era crearme para facer un avance para a sociedade feminina. Querías sacrificar a unha muller, a unha persoa, por un ben maior. Fun un mero obxecto co único fin de ser útil e de non ser nada máis. E aí xace a túa hipocrisía e a ironía de



todos os teus xogos e manipulacións, nai: tratáchesme tal e como un home trata á muller; acabaches facendo todo aquilo que ti tanto odiabas

(Hildegart senta na cadeira, ocupando o lugar que imaxinaba para a súa nai. Agora, en paz consigo mesma, pecha os ollos; deixando ir todo aquilo que a mantiña prisioneira de si mesma, facendo que revivise o seu atormento unha e outra vez.)

Nai, crees que me mataches, pero outra vez fallaches; fixeches que empezara a existir. A miña memoria permanecerá na loita individual e colectiva da muller, e cando elas griten, o meu eco será o que resoe.

(Escuridade total.)

Monicreque sen fíos é o resultado dun traballo interdisciplinar das materias Filosofía, Historia e Lingua Galega de 4º de ESO guiado pola profesoras María Dolores Pol e Paula Castro Mira.


ARIADNA ÁLVAREZ

Alumna do colexio Cristo Rei de Ferrol

O couto mixto, entre a historia e o mito

VÍCTOR JAVIER PÉREZ BALTAR


O Couto Mixto comprende unha superficie de 27 km2 e que está formada por tres aldeas ourensáns (Santiago de Rubiás ou Santiago dos Mixtos, Rubiás e Meaus), que durante un amplo período histórico, tiveron unha situación administrativa diferente ao resto dos pobos da Raia Seca.



Situación do Couto Mixto e dos Pobos Promiscuos

Para algúns autores, como García Mañá, formou unha república independente de España e Portugal, que foi esquecido durante moito tempo ata que un grupo de estudosos ou académicos o volven a por de actualidade. Autores como Paulo Lema, José Manuel Lima Santos, ou o derradeiro xuíz do Couto Mixto Delfín Modesto Brandón (ver foto) que no 1907 publicou un curioso relato "Interesante historieta del Coto Mixto puxeron de actualidade a historia do Couto Mixto. . Foi Luís García Mañá, investigador do Couto Mixto o que máis ten feito para por en valor esta experiencia dunha democracia incipiente no sur da provincia de Ourense, no val do río Salas nas abas da serra do Larouco (ver foto). Posteriormente serían moitos autores os que investigaron sobre a historia destes lugares (José Rodríguez Cruz, Vicente Risco, Méndez Ferrín, citamos o seu libro Arraianos, que trata maxistralmente sobre as xentes da raia seca, o Padre Fontes, Paula Godinho, Máximo Salinas Valencia, Bento da Cruz e moitos outros). Moitos destes autores son hoxe en día Xuíces Honorarios do Couto Mixto e reúnense o primeiro sábado de xullo ca ano para conmemorar a historia desta

"república independente". Estes tres pobos, Santiago de Rubiás e Rubiás (pertencentes ao concello de Baltar) e Meaus (pertencente ao concello de Calvos) tiveron unha serie de características administrativas, culturais, políticas e económicas que configuraron, nun grao variable, unha identidade propia, incrementada pola situación de illamento e fronteiriza. Entre estas peculiaridades as máis notables era:


Situación do Couto Mixto e dos Pobos Promiscuos

Contaban con **leis propias** que aplicaba un Xuíz do Couto (chegou a haber 3 xuíces á vez cada un representando a cada pobo), elixido democraticamente cada 3 anos, que impartía xustiza acompañado por 12 Homes de Acordo (catro por cada pobo) máis un Vigario que se encargaba de executar as medidas disciplinarias que o xuíz tomaba. Normalmente as sancións eran económicas ou de traballo comunitario. Os habitantes do Couto non podían ser apresados "*nin nunha legua á redonda*", ca excepción dos delitos de sangue que tiñan que ser xulgados fóra do Couto tras a detención levada a cabo polo correxidor dos concellos de Calvos de Randín ou Baltar, que entraban co permiso do Xuíz do Couto.


Modesto Brandón, xuíz do Couto Mixto


Inscrición nunha casa de Santiago: Ay de la Galicia e Ay de Portugal

Os Homes de Acordo gardaban os acordos que se tomaban no atrio da igrexa de Santiago de Rubiás, nunha Arca con Tres Chaves (ver foto) similar ao que houbo no mosteiro cisterciense de Oseira. Dita Arca atópase tras do retablo da igrexa e cada chave se gardaba nun dos pobos que formaban parte do Couto. Corre a lenda de que os documentos fundacionais do Couto foron destruídos polas forzas francesas do xeneral Soult en 1808 na súa retirada de Galicia. Este feito impide coñecer o réxime xurídico que se podería aplicar na actualidade ao Couto Mixto. Hoxe en día so contén os acordos que se acordan nas reunións da Asociación dos Amigos do Couto Mixto e os actuais xuíces honorarios.




Arca das Tres Chaves na igrexa de Santiago de Rubiás



Igrexa de Santiago de Rubiás. Cortesía de Pablo González Prieto

En relación ao comercio podían transitar libremente entre pobos e feiras próximas de toda A Limia ou co pobo portugués de Tourém sen ter que pagar impostos nin que autoridades controlasen as mercancías que levaban ou traían. Para elo tiñan un Camiño Privilexiado, que aínda existe hoxe (ver mapa) e que comunicaba en dez quilómetros Santiago de Rubiás con Tourém en Portugal. Tiña a obriga de defender este camiño o alcalde do Castelo da Piconha. Podían incluso comerciar con produtos como o tabaco (que producían eles no territorio de Couto e que non estaba limitado polo monopolio do estanco que tiña o Estado), sal que traían de Aveiro (outro monopolio do Estado), gando, armas ou os panos portugueses que enviaban a Portugal. Todo lles estaba permitido.



Camiño Privilexiado


Alicerces do Castelo da Piconha

A **arquitectura popular** é moi similar aos pobos circundantes (fornos comunais impresionantes, castelos defensivos), pero destaca a importancia das edificacións da aldea de Meaus, auténtico centro económico do Couto, igual que Santiago de Rubiás o foi da aplicación dunha incipiente democracia cas decisións tomadas comunalmente no atrio da súa igrexa ou Rubiás o foi da administración de xustiza (ver fotos de todos estes lugares).

Os habitantes do Couto non tiñan a obriga de adquirir a **nacionalidade** portuguesa ou española, eran "cidadáns do Couto".

Tampouco tiñan que pagar **impostos ou forais** a España ou Portugal (aínda que o Couto Mixto, como entidade, pagaba uns impostos á Casa de Braganza, ou ao castelo da Piconha propiedade dos Braganza, e ao Conde de Monterrei en Galicia que eran quen tiñan os dominios destas terras). Ás veces, con moita frecuencia, producíanse abusos por algunha destas autoridades polo que os habitantes do Couto pedían axuda aos outros. Foron comúns os abusos do alcalde do castelo da Piconha. Esta era un castelo roqueiro situado a 940 metros no banco esquerdo do río Salas. A portuguesa Casa de Bragança reclamaba a súa titularidade, pero dende 1518 o seu amparo correspondía ao conde de Monterrei. Ver fotos dos alicerces do Castelo da Piconha (ou Outeiro da Almena que escavaron recentemente en Calvos de Randín os arqueólogos José Manuel Galiña e Eduardo Breogán Nieto Muñiz.





Imaxes dos castelos da Piconha e Randín, do precioso "Livro das Fortalezas 1510" de Duarte de Armas. Achádegos feitos polo grupo de Juan Manuel Galiña nas excavacións no Castelo da Piconha. Cortesía de J.M. Galiña

Non aportaban homes aos exércitos de España ou Portugal, estaban pois **exentos do servizo de armas**. Isto foi aproveitado por aqueles que querían escapar das levas do exército. Tamén hai algún autor que fala, inxustamente, de "couto de homiciados" porque suponse que se xuntarían alí xentes escapadas das xustizas portuguesa e española, pero iso non está demostrado. O que si estaba recollido era o **dereito de asilo** no Couto, un dereito exclusivo dos estados independentes.

Non pagaban **Rexistro da Propiedade**. É moi curioso o relato que fai D. Pedro González de Ulloa no seu libro "Descripción de los estados de la Casa de Monterrey en Galicia" de 1777, que recolle José Ramón y Fernández Ojea, nos Cuadernos de Estudios Gallegos en 1950: Se un veciño quería facer unha casa no Couto, convocaba a dez, vinte ou máis testemuñas, e no sitio onde ía edificala dicía: *"Caballeros, aquí en este terreno mixto, quiero hacer una casa, la que levantaré de aquí para allí (y va caminando) por el Rey de Castela; de esta parte a esta, por el Rey de Portugal, y así va dividiendo el sitio en retazos. Hecho esto, los testigos de vista levantan la voz y dicen "Vivan los dos Reyes, moitos anos, e por moitos máis V. m. a goce. Con paz e saúde". Sacábase un pelexo de viño, que debe estar prevenido antes, con pan e algún fiambre (sic).*

"É indecible como se ponen en semejante ceremonia, solo pueden creerlo quien lo presencia"

A orixe do Couto Mixto está rodeado de brumas, dúbidas ou mitos (p. e. Inés de Castro embarazada recorrendo as serras e dando despois privilexios de Couto pola axuda), ás veces interesadas en buscar orixes cada vez máis remotos, o final dos privilexios do Couto está moi claro. Tivo lugar polo Tratado de Lindes de Lisboa do 29 de setembro de 1864. Este foi un acordo moi laborioso entre autoridades españolas e portuguesas. As discusións duraron anos e estiveron a piques de fracasar en moitas ocasións. Non só decidiron que o Couto Mixto pasara a dominio español case integramente, agás unha pequena franxa polo sur, senón que os Pobos Promiscuos (Soutelinho, Cambedo da Raia e Lamadarcos) pasaran a dominio portugués. Tamén se decidiron o dominio entre moitas das illas da desembocadura do Miño e incluso os límites imprecisos ata a fronteira sur no río Guadiana entre España e Portugal.

Houbo intentos de que Meaus quedara no lado español, ou que Cambedo da Raia tamén, pola cantidade de españois que vivían alí (como curiosidade dicir que neste pobo dábanse dúas misas, unha en portugués e outra deseguido en castelán incluso moito tempo despois do Tratado de Lisboa).



Casa do Xuíz. Prisión e tenda en diferentes momentos



Casa do Xuíz e Casa do Comercio

Tivo importancia para a decisión da Comisión Mixta de demarcación e Límites a publicación do Dicionario xeográfico - estatístico - histórico de España e das súas posesións de ultramar de **Pascual Madoz**, onde alegaban que os tres pobos pertencían aos distritos de Xinzo de Limia e Baltar, polo que debían seguir pertencendo a España. O informe final que pasaron ao goberno os negociadores españois tiña falsidades tremendas sobre a contabilidade das hectáreas produtivas e improdutivas no Couto Mixto e nos Pobos Promiscuos Os límites administrativos decididos no Tratado non afectaron pola contra á división eclesiástica, así ata 1882 Lamadarcos e Tourém seguiron pertencendo ao bispado de Ourense, e ata 1914 non pasaron ao arcebispado de Braga os pobos de Cambedo e Soutelinho.

Así finalmente decidiuse que o Couto Mixto estivese integrado no territorio español, tras obrigar á renuncia do último xuíz de Couto Delfín Modesto Brandón.




Casa do último Xuíz do Couto en Rubiás



Forno Comunal en Rubías (moi similar ao de Randín)

Esta foi unha terra que viviu do contrabando ao longo da súa historia, posiblemente foi a industria máis importante durante a súa existencia, e o mesmo que pasou cos Pobos Promiscuos dos que falamos antes. O Acordo de Schengen de 1985 que supuxo a supresión das fronteiras interiores entre os países da UE, simplemente puxo punto e final a práctica do extraperlo que levaba anos desenvolvéndose ao longo de toda a raia seca. Foi o golpe definitivo para unha poboación diminuída polo envellecemento, a emigración e o illamento. Dos 1000 habitantes que chegou a ter o Couto Mixto, hoxe apenas quedan uns 120.



Detalle da Carta Topográfica do Xulgado de Montealegre (1938) de Fidencio Bourman, onde vemos o Camiño

Tamén quería destacar que estas terras, e a situación política e administrativa peculiar da que gozaron, estivo determinada, penso despois das visitas e conversas cos veciños, polo illamento histórico desa zona, a dureza dos invernos, a falta de servizos e pola ausencia total de vías de comunicación. Como exemplo dese abandono no Diario de Ourense do 21 de febreiro publicaba un artigo titulado "Las Cátedras en el Valle de Salas" (a Sección Feminina se a Sección Feminina (as cátedras se autodeterminaban) falaba da idea de traer a luz e a promesa da primeira estrada para comunicar ca Limia, que finalmente chegarían no 1966. O primeiro gobernador civil que chegou para visitar o Couto o fixo no 1965.

Igualmente comentar que na zona da Raia a violencia era un feito habitual, tras todas as guerras que tiveron lugar nos séculos XVIII e XIX deixaron unha poboación armada, non moi respectuosa das leis. Non só era o Couto Mixto, era toda a zona de fronteira galaico-portuguesa. Datos que podemos atopar na Biblioteca Dixital Galiciana cando facemos unha busca sobre ese aspecto.

Destacamos nas fotos unha casa en Meaus que tiña un sistema defensivo para disparar dende o piso de arriba aos estraños que se achegaran a roubar. Hoxe en día a Asociación de Amigos del Couto Mixto, e outros moitos investigadores que se interesan polo Couto Mixto están comezando a conceder relevancia á historia, a coñecer o pasado desta pequena parte tan illada e, esperemos, xa non tan esquecida, de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA:

Archivo General de Simancas (1753).- "Catastro del Marqués de la Ensenada. Respuestas generales de la feligresía de San Lorenzo de Tosende". RG, L. 217, 075.

Brandón, Delfín Modesto (1907).- "Interesante historieta del Coito Mixto con una digresión política-social-religiosa" A Coruña, Tierra Gallega.

Estrada Nérida, Julio (2021-2022).- "Nuevos documentos sobre el Couto Mixto y parte de la frontera en la provincia de Ourense entre Portugal y España" Boletín Auriense ISSN 0210-8445, Tomo 51-52 2021-2022.

Fernández Oxea, J.R. (1950).- "Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia, por D. Pedro González de Ulloa" (1977), Consejo de Estudios Gallegos. Anejo IV, Santiago de Compostela, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos.

Galiña Lorenzo, Juan Manuel (2023).- "El Couto Mixto, una aproximación historiográfica" Minius, nº 28, 2023.

Galiña Lorenzo, Juan Manuel, Breogán Nieto Muñiz, Eduardo y Babarro González, Diego (2021).- "Castelo da Piconha, a recuperación deun singular espazo interfronterizo" Raigame: revista de arte, cultura e tradición populares, ISSN 1136-3207, Nº 46, pax 61-75.

García Mañá, L.M (1988).- "La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense" Anexo nº 11 del Boletín Auriense, MAPOu.

García Mañá, L.M. (2000).- " Couto Mixto, unha república esquecida" Vogo, Uvigo.

Godinho, Paula (2014).- "Fronteira, políticas de centro e prácticas da cultura: o "Tratado de Límites" de 1864, o interese dos estados e a rêsistencia das populaçoes". En Sousa, X., Negro, M. e Álvarez, R. (eds).- Lingua e Identidade na fronteira galego-portuguesa. Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega

Godinho, Paula (2011).- "Oir o galo cantar dúas veces. Identificacións locais, culturais das marxes e construción das nacións na fronteira entre Portugal e Galicia, Ourense, Deputación de Ourense.

Godinho, Paula e outros (2021).- Cambedo da Raia: Solidaridade galego-portuguesa silenciada" Santiago de Compostela, Ed. Positivas.

Gomes, Rita Costa (2003).-"Castelos da Raia (v. II: Trás-os-Montes)". Lisboa IPPAR.

López Mira, Álvaro Xosé (2008).- "O Couto Mixto: Autogoberno, fronteiras e soberanías distantes" Madrygal 2008, 11.

Madoz, Pascual (1849).- "Diccionario geográfico-estadístico de España y sus posesiones en Ultramar" Tomo XII. Madrid, Tipográfico Literario Universal.

Paül Carril, Valeriá y Trillo Santamar, J.Manuel (2014).- "La construcción literaria de los paisajes fronterizos. Una reflexión a propósito del couto Mixto (Galicia y Portugal)" Documents d'Analisi Geográfica 2014, vol. 60/2.

Río Barja, Francisco (1989).- "Mapa de las jurisdicciones de la provincia de Ourense ne el siglo XVIII" en Actas del Simposio Internacional Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia. Santiago. Consello da Cultura Galega.

Risco, Vicente (1928).- "Provincia de Ourense" T. I. Geografía General del Reino de Galicia" Dirigido por Carreras y Candi. Editorial Alberto Martín. Barcelona S.A. Reimpresión hecha por "Ediciones Gallegas S.A. La Coruña 1980".

Rodríguez Cruz, J. (2018).- "Couto Mixto. Aspectos folclóricos" Santiago de Compostela. Laiovento.

Salinas Valencia, Máximo (2002).- "O Couto Mixto, o seu contorno arraiano e os Pobos Promiscuos. Descripción socioeconómica" Vigo. Asociación de Amigos do Couto Mixto.

Trillo Santamaría, J.M. (2014).- "La construcción literararia de los paisajes fronterizos. Una reflexión a propósito del Couto Mixto (Galicia y Portugal)" Document d'Analisi Geográfica, vol. 60, pp 289-314.

Vila Álvarez, Jorge Abraham y Moure Fraga, Susana (2007).- "O contrabando na fronteira galaico-lusitana durante o século XV" Minius XV.

Nota:

Todas as fotos son propiedade do autor do artigo Víctor Javier Pérez Baltar, salvo as que expresamente citan outro autor. Foron realizadas nas visitas preparatorias que realicei ao Couto Mixto e a igrexa de Seoane de Oleiros para levar a cabo a visita co Ateneo de Ourense o 20 de abril de 2024. A visita co Ateneo foi realizada acompañado por Manuel Seoane, arquitecto restaurador da Catedral de Ourense e de moitas outras igrexas románicas e do profesor da UVigo Juan Manuel Galiña Lorenzo, doutor cunha tese sobre o Val do Salas

O Couto Mixto, entre a historia e o mito

VÍCTOR JAVIER PÉREZ BALTAR

Historiador

Lingua vital



xa!

Plataforma Queremos Galego

Hai un ano o Instituto Galego de Estatística confirmaba con datos oficiais o avance da emerxencia lingüística, en niveis extremos, especialmente na mocidade e na infancia. É a consecuencia lóxica da expulsión e exclusión do galego de todos os ámbitos da vida social intensificada coa parálise ou acción contraria desde a propia Xunta de Galiza.

Lembremos que unha das primeiras medidas que tomou o PP, no regreso á Xunta de 2009, foi modificar a Lei da Función Pública para eliminar unha das probas en galego nas oposicións e, nalgúns sectores, mudar o requisito de coñecemento de por un simples mérito.

Continuaron co Decreto 79/2010, estabelecendo máximos de uso do galego no ensino e prohibicións na docencia, ás que acrecentaron limites para os materiais didácticos que impiden o seu uso mesmo en materias nas que non está prohibido.

38% de familias falantes de galego, e as moitas outras que o serían se tivesen acceso, só o teñen no noso idioma 0,9% da oferta audiovisual ou 0,6% dos xoguetes. Son só dous exemplos de expulsión e exclusión da lingua galega en Galiza, fortalecida e reafirmada pola propia Xunta cos limites e prohibicións de galego no ensino. Iso si é responsabilidade do goberno.

Son graves as dificultades para encontralo e, por tanto, para usalo con certa normalidade, na saúde, administración, servizos comerciais, procedementos xudiciais... onde, de novo, a oferta nin chega a 1%.

A lingua é un feito social. O deber de actuación da Xunta está no espazo público, con decisións políticas que o repoñan o idioma onde está forzosamente ausente, expulsado, excluído: ensino, administración, servizos, consumo, xustiza, audiovisual, saúde... Só restaurando para o galego a capacidade de ser usado e correspondido en todo e para todo aumentará o uso social e individual.

Os poderes públicos teñen obriga (moral e legal) de actuar. Hai 21 anos que se aprobou por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) Nacido do compromiso de todas as forzas políticas para traballar na súa elaboración, ningún dos obxectivos do Plan está cumprido e as máis de 400 medidas que contemplaba foron desprezadas por quen tiña o deber de executalas. Non foi pola insistencia desde a sociedade, nin pola falta de concreción (prevíanse máis de 400 medidas).

Fixábase garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións; que todas as persoas que usan o galego se poidan manter sempre nel, sen coaccións ou presións para o deixaren, e que quen quixer dar o paso e instalarse en galego, poida facelo, con toda normalidade, en calquera espazo, con toda a oferta e disposición.

A nosa lingua non desaparecerá mentres haxa na sociedade quen a defenda. É posíbel reverter o estado da nosa lingua, mais cómpre vontade social e política. A lingua é vital para Galiza.

A emerxencia lingüística require compromisos amplos e acción real e concreta. O pobo galego activouse na reclamación do cumprimento e asunción dos compromisos aos que chegamos conxuntamente con ampla participación, sen exclusións e sen vetos para dotármonos colectivamente de ferramentas que transformen a vontade de plena normalidade en realidade e garantías.

Nesa tarefa estamos centos de entidades sociais de todos os ámbitos, respondendo ao chamado da plataforma cidadá Queremos Galego, participando no proceso social Lingua Vital. O obxectivo común é claro: galego en todo e para todo. Sen escusas, sen limites e sen impedimentos de ningún tipo. Ese é o rumbo que como pobo galego queremos tomar para asegurarmos a nosa existencia e un futuro que só é posíbel cun lingua viva e vital.

Lingua vital xa!

PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO



O ferrocarril

QUE ESTÁ POR VIR E NON CHEGA

Non resulta sinxelo facer un resumo do inmenso e intenso traballo realizado polo FORO até este momento.

A súa composición é plural, non partidista, e funciona por consenso aínda sabido das tentacións, por parte dos partidos políticos, de utilizar os consensos sociais con parcialidade. Neste caso, é preciso salientar que, en xeral, estase a respectar o criterio unitario, utilizando como ferramenta a "Declaración Institucional" aprobada, por unanimidade, no Concello de Ferrol, na Mancomunidade de Municipios, nos Concellos da Comarca (que non están na Mancomunidade), na Deputación Provincial e no Parlamento de Galiza. Tivemos reunións con colectivos diversos como: a Asociación de Empresarios, o bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol,o Racing Club de Ferrol, o Baxi Ferrol, Asociacións de Veciños, a Autoridade Portuaria.

A nosa actividade tamén se centrou en difundir a nosa declaración, dende repartir impresos informativos nos eventos deportivos até a colaboración de coñecidos persoeiros. Tódalas entidades postuláronse, publicamente, en apoio as nosas reivindicacións e á mobilización convocada o 30 de novembro. Este traballo, a ruta aprobada e o apoio social logrado, cristalizouse na primeira gran mobilización social feita en Ferrolterra nos últimos tempos. A resposta da cidadanía foi espectacular. Fixo mover



Multitudinaria mobilización do 30 de novembro. Foto do Foro Cidadán polo Ferrocarril.

conciencias e cadeiras en moitos despachos pero ¡ollo!, se alguén ocupante dos mesmos pensa que deixando arrefriar a reivindicación e todo pasará, está moi moi trabucado. De feito, no mes de decembro de 2025, remitimos a "Declaración institucional" aos portavoces parlamentarios do Estado, á Mesa do Parlamento, con petición da súa tramitación parlamentaria para aprobala como o unha proposición non de lei e, tamén, solicitamos a reunión co Ministro de Fomento, tal e como o anunciou no Senado na sesión de decembro do 2025, ase mesmo co Secretario de Estado e os presidentes de Renfe e Adif.

Tamén convocamos á Xunta de Galicia para tratar a "Declaración institucional", aprobada no Parlamento, e que nos explique os pasos que deron, respecto diso, ou que pensan dar, que iniciativas, das que teñen aprobas, e que figuran nun traballo específico para comarca de Ferrolterra, os plan sobre os servizos de proximidade, os consorcios de mobilidade, as bonificacións, a transferencia de competencias, etc.

Para nos, estas reunións, deberían acordarse nun calendario máis específico e preciso, buscando a colaboración institucional, como instrumento idoneo, para avanzar en cousas concretas como, por exemplo, as cercanías (proximidade) entre Ortigueira e Ferrol, San Sadurniño e Ferrol, Xuvia e Ferrol, etc.

Por outra banda, non paramos a actividade, desde o FORO ampliaremos o nosos coñecementos a través de conferencias, charlas e reunións con profesionais expertos na materia e daremos cumprida información a tódolos colectivos socias.

Por último, dicir que retomaremos as mobilizacións, sempre desde a unidade, co obxectivo de garantir uns servizos do século XXI, pero nesta DÉCADA.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR UN TREN DO SÉCULO XXI PARA FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL

A Unidade dos diferentes actores públicos ferroláns e galegos decidiu a presentación ante o Goberno de España das demandas por un tren do século XXI para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. A cidadanía xa se está mobilizando e reclamando o dereito de que esta comarca non sexa permanentemente excluída da modernización do transporte ferroviario, ambiental e socialmente sostible. Non merecemos nin máis nin menos que outras zonas de Galicia.

A conectividade dos territorios ás redes de transporte é hoxe en día, e máis que nunca, unha necesidade. Vivimos nunha sociedade en continuo movemento, onde a mobilidade de persoas e mercadoría sé fundamental para conseguir unha sociedade ben estruturada e permitir o desenvolvemento económico e social, e a xeración de riqueza. No actual contexto de crise enerxética e climática, o ferrocarril é o medio de transporte máis idóneo porque non depende exclusivamente de combustibles fósiles. Europa aposta polo tren tanto para o movemento de persoas como de mercadorías, e tanto os servizos de proximidade de áreas urbanas como nos servizos rexionais, de longo percorrido e alta velocidade.

Neste contexto, resultan cada vez máis preocupantes e inxustas as grandes carencias que a comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal padecen en materia ferroviaria. As deficiencias das infraestruturas ferroviarias, a escaseza de servizos e tempos de viaxe non competitivos debuxan un panorama moi negativo para a nosa comarca, o que implica unha dependencia cada vez maior do transporte por estrada para a mobilidade de persoas e mercadorías.

O diagnóstico que realizamos da situación actual é o seguinte:

Ferrol está excluído do Eixo Atlántico ferroviario de Alta Velocidade. A autoestrada da Atlántico AP-9 que comunica Ferrol coa Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e a fronteira con Portugal, é sen dúbida a auténtica espiña dorsal da mobilidade interna de Galicia por estrada a pesar de ser de peaxe. Nos últimos anos realizouse unha modernización ferroviaria nalgunhas liñas de Galicia, esencialmente nos traxectos A Coruña-Vigo dentro do Eixo Atlántico e Santiago de Compostela-Ourense con saída cara á Meseta e Madrid. Ditas actuacións centráronse na súa conversión en liñas de altas prestacións para a chegada da Alta Velocidade a Galicia. O Eixo Atlántico ferroviario, nos seus primeiros proxectos foi proxectado desde Ferrol a Tui, pero os tramos Vigo-Tui e o que nos interesa da Coruña a Ferrol, quedaron excluídos das actuacións ferroviarias de altas prestacións, e é unha cuestión que non podemos admitir.

Ferrol está deficientemente conectado ao resto da rede ferroviaria galega. Ferrol uniuse á rede ferroviaria galega a través do tramo Ferrol-Betanzos Infesta, que se empezou a construír a finais do século XIX e finalizouse na segunda década do século XX, cunhas características técnicas que non se adaptan ao contexto actual, con curvas de radio pequeno. O trazado está sen dobre vía, sen electrificar e nalgún tramo aínda existen travesas de madeira. Os investimentos máis destacados que se realizaron neste tempo foron a instalación do Bloqueo Automático para incrementar a seguridade o que supuxo tamén a desaparición de persoal nas estacións do traxecto e a supresión dalgúns pasos a nivel. Isto dá unha idea do deixamento e a falta de investimentos importantes na infraestrutura. Iso condiciona toda a mobilidade ferroviaria de fronte ao exterior de Ferrol, tanto de persoas como de mercadorías.

Como consecuencia disto, **a conexión entre Ferrol e A Coruña é moi deficiente**. Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, as dúas cidades conforman a Rexión Urbana do Golfo Ártabro, e deben tender cara a unha integración funcional. A realidade é que existen moi poucos servizos ferroviarios entre ambas as cidades a día de hoxe, con tempos elevados, non competitivos e adaptados ás ligazóns cos trens de Alta Velocidade da Coruña-Madrid e viceversa, obviando a mobilidade do resto de poboación que se poida desprazar por estudos, traballo etc.

Ferrol é a única das sete grandes cidades galegas sen plans para a chegada da alta velocidade. Mentres que as cidade do Eixo Atlántico xa dispoñen de trens AVE e estanse executando obras para a

conexión entre Lugo e Ourense, Ferrol é un fondo de saco ferroviario esquecido no que non existe calendario oficial para a chegada da Alta Velocidade ferroviaria. A maiores tamén se eliminou a conexión directa con Madrid, coa desculpa de que se ten decido que as relacións entre Galicia e Madrid sexan con trens AVE (Talgo serie 106) que son exclusivamente de tracción eléctrica. Desde Renfe xustifícanse con que se poñen trens rexionais con ligazón na Coruña.

Os servizos de proximidade que existen en Ferrol son de Renfe ancho métrico e presentan un elevado número de deficiencias. Os únicos servizos de proximidade que se prestan en Galicia son os que opera Renfe Ancho Métrico (antiga FEVE) entre Ferrol e Ortigueira, cunha deterioración paulatina ano tras ano. A falta de investimento importante en infraestrutura, un material rodante escasamente fiable, con avarías constantes e unhas frecuencias mellorables fan que o servizo sexa deficiente.

A conexión ás dársenas portuarias de Ferrol (interior e exterior) non está integrada no Corredor Atlántico Europeo de mercadorías. O transporte ferroviario de mercadorías na comarca e no Porto de Ferrol está limitado polas características da liña entre Ferrol - Betanzos Infesta - Lugo. Aínda que se abra en breve prazo o acceso ferroviario a Caneliñas e se realice a modernización do traxecto entre o porto interior e a estación de ferrocarril de Ferrol con terceiro carril, a evolución e incremento de transporte de mercadorías vai estar supeditada a que os tramos Ferrol-A Coruña-Lugo-Monforte de Lemos non están incluídos no Corredor Atlántico Europeo de Mercadorías.

Ferrol e a súa comarca foron sistematicamente marxinados nos investimentos importantes ferroviarios. Mentres que nas últimas décadas investíronse enormes cantidades no resto da rede ferroviaria galega, tanto en conexións interiores como coa meseta, na comarca de Ferrol só se realizaron investimentos para renovacións de vía puntuais, instalación de Bloqueo Automático en as redes de ancho convencional e métrico, pero non se realizaron investimentos importantes, e nalgún caso, aínda que estaban contempladas nos Orzamentos Xerais do Estado, e no Plan Director de ADIF, nin se licitaron, nin se executaron e/ou se esqueceron nalgún caixón ministerial. Tampouco a compra de material novo para Renfe Ancho Métrico vai supoñer que se adxudique a Ferrol, xa que a maioría dos trens son de tracción eléctrica e a rede de ancho métrico en Galicia non está electrificada, e os seis trens híbridos son para substituír os que realizan o servizo entre Oviedo-Santander-Bilbao.

Unha vez exposto o anterior queremos concretar e esixir o seguinte:

1. **Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña** para cumprir as necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto implica o **aumentar o numero de unidades** para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente (**Que non haxa vehículos de RENFE "ociosos"** que poidan prestar o seu servizo).

2. **Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudio informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña** para que sexa unha liña do século XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía, electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

3. **Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións** ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

4. **Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira**. O tren de vía estreita non pode continuar cun proceso de degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galicia entre Ferrol e Ribadeo.

5. **Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña**. Trátase de vertebrar da forma mais eficiente un espazo urbano onde residen mais de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte.

6. **Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte**. Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional. Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do

do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol e revisar o número de apeadeiros en toda a liña para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, mellorando o acceso, e que toda a poboación benefíciese dos mesmos.

7. **Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna**. Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

8. **Instar á Xunta de Galicia a solicitar o traspaso** dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para **a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galicia** como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión máis próxima tanto para a administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

9. **Instar ao Goberno do Estado a impulsar** as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade.



Foto do Foro Cidadán polo Ferrocarril.


Foro Cidadán Polo Ferrocarril

XABIER MONTERO DONGIL

Presidente do Ateneo Ferrolán

FERROL

LUGAR DE MEMORIA DEMOCRÁTICA



III. OTRAS DISPOSICIONES

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA

22593 *Resolución de 4 de noviembre de 2025, de la Secretaría de Estado de Memoria Democrática, por la que se publica el Acuerdo de incoación del procedimiento de declaración de Lugar de Memoria Democrática de «La ciudad de Ferrol».*

La Dirección General de Promoción de la Memoria Democrática, ha adoptado, con fecha 4 de noviembre de 2025, el Acuerdo de incoación del procedimiento de declaración como Lugar de Memoria Democrática de «La ciudad de Ferrol».

El artículo 50.2 de la citada Ley 20/2022, de 19 de octubre, dispone que el acuerdo de incoación se publicará en el «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, esta Secretaría de Estado resuelve publicar en el «Boletín Oficial del Estado» el referido acuerdo como anexo a la presente resolución.

Madrid, 4 de noviembre de 2025.–El Secretario de Estado de Memoria Democrática, Fernando Martínez López.

Este pasado ano 2025 a aplicación da lei de Memoria Histórica Democrática tivo un resultado realmente moi positivo: a cidade de FERROL foi recoñecida como lugar da Memoria Histórica Democrática por parte do Estado nos termos establecidos na Resolución de 4 de Novembro, publicada no BOE (enlace).

Esta Resolución foi adoptada pola solicitude conxunta de varias asociacións que xa viñamos traballando nestes temas. Acordamos dirixirnos directamente o Ministerio, sen esperar a constituír a Mesa da Memoria Histórica do Concello de Ferrol, que tardou case un ano en constituírse.

Finalmente, podemos dicir que no Concello de Ferrol está constituída unha Comisión Sectorial da Memoria Histórica Democrática, que será parte da estrutura de participación cidadán do concello.

O recoñecemento da Cidade de Ferrol como lugar da Memoria é un feito transcendental. Formará parte da rede europea de lugares similares xa recoñecidos noutros países e poderá, tamén, ser unha referencia de visitantes que, día a día, medran polo interese en coñecer mais e mellor a nosa historia. As perspectivas de traballo son inmensas.

Ferrol, Lugar de Memoria Democrática.

Ferrol é unha colectividade cun pasado de construción democrática que se estende desde o século XIX, polo que destacamos os lugares do espazo urbano e rural desenvolto a partir do deseño do Arsenal e da cidade ilustrada do século XVIII, que sinalan un camiño na historia da democracia e que xustifican a declaración de **Ferrol Lugar de Memoria Democrática**.

Temos un longo pasado en Ferrol de construción da democracia, con lugares de memoria democrática que foron centros de represión política: presidio do Dique no Arsenal, San Felipe, prisións navais militares de Caranza e A Graña, cuarteis do Baluarte e de Infantería de Mariña, a prisión do partido xudicial, a comisaría de San Amaro... Lugares de memoria onde se suceden feitos de resistencia ou de avance no traxecto a unha sociedade democrática: Arsenal Militar, o Teatro Jofre, o Centro Obreiro de Cultura, o monumento do 10 de marzo, o portal 27 da rúa Terra e a factoría de construción naval.

Lugares de enterramento de vítimas da represión con fosas comúns: cemiterios de Canido e Serantes.

Lugares emblemáticos onde se rememora a memoria de personaxes nados nesta contorna que defenderon os dereitos democráticos: a alameda do Cantón a avenida García Niebla e as casas de Concepción Arenal e Carvalho Calero.

Lugares que lembran o sacrificio dos que deron a vida nesa defensa, como o memorial de Canido cos nomes de vinte e dúas mulleres e oitocentos oitenta e dous homes.

Lugares onde se preservou a documentación que testemuña a represión: Arquivo Militar Intermedio e Arquivo Naval.

1. **Instituto de Canido e igrexa de San Rosendo**. O desaparecido cemiterio civil de Canido foi lugar cotiá de execucións de defensores da Constitución de 1931 nos primeiros meses tras a sublevación contra o Goberno e mantivo fosas comúns con preto de trescentas vítimas mortais da represión entre 1936 e 1945.
Coordenada: °29'14.8"N 8°14'24.2"W
Enlace a mapa de Google

2. **Castelo de San Felipe. Fortín do s. XVIII. Prisión militar**. En outubro de 1872, á espera de ser xulgados, sufriron internamento en San Felipe douscentos vencidos republicanos federais levantados contra o goberno de Amadeo I de Saboya que declaran Ferrol como a primeira cidade republicana da historia de España. Lugar de prisión para un centenar de detidos en outubro de 1934 e de execucións por sentenza de consello de guerra do Exército desde 1936 ata as dos xenerais Enrique Salcedo, xefe da

VIII División Militar e Rogelio Caridad, o 9 de novembro de 1936. O recinto foi o 27 de xaneiro de 1938 testemuña do fusilamento de Amada García, militante activa do Partido Comunista, a única muller fusilada por sentenza de consello de guerra en Galicia.
Coordenada: 43°27'52.6"N 8°16'54.0"W
Enlace a mapa de Google

3. **Cemiterio da igrexa de San Salvador de Serantes**. No antigo municipio de Serantes, anexionado en 1940 a Ferrol. Lugar de execucións extraxudiciais colectivas de defensores da II República. Conserva restos de fosas comúns, con preto de 150 vítimas da represión entre 1936 e 1942.
Coordenada: 43°30'05.0"N 8°14'46.2"W
Enlace a mapa de Google

4. **Arsenal Militar**. Ferrol proclamou o 14 de outubro de 1872 a I República, 124 días antes que o resto do Estado. O 10 de outubro de 1872, o brigadier Pozas e o capitán de mariña Montojo, co apoio de varios militares retirados e membros do Partido Republicano Federal, como Francisco Suárez García, alcalde de Ferrol, levántanse contra o goberno de Amadeo I de Saboya. O pronunciamento terá unha curta vida de só cinco días. Pero o levantamento, que tivo como centro o Arsenal, fará pasar a Ferrol como a primeira cidade republicana da historia de España. O 20 de xullo de 1936 prodúcese a sublevación de oficiais de Mariña que deteñen ao xefe do Arsenal, o contraalmirante Azarola. A resistencia ao golpe concéntrase no acoirazado "España" e no cruceiro "Almirante Cervera", atracados na dársena. Tanto na guerra como na posguerra varios recintos, como o desaparecido presidio naval do Dique, e barcos do Arsenal foron utilizados como prisión. Os fusilamentos por sentenza de consellos de guerra da Armada (sobre 150) tiveron lugar na Punta do Martelo e na Galería de Tiro. A Escola de Maquinistas da Armada, sede da Delegación de Orde Pública, foi lugar de celebración dos Consellos de Guerra de Mariña, sede cuartel de Falanxe, desde onde se ordenaban a maioría dos "paseos" e tamén lugar de torturas e interrogatorios sen garantías aos detidos.
Coordenada: 43°28'46.9"N 8°14'13.6"W
Enlace a mapa de Google

5. **Cuartel de Dolores**, de Infantería de Mariña. O 4 de agosto de 1936, neste cuartel, sede do Terzo Norte de Infantería de Mariña, é fusilado Antonio Azarola Gresillón, contraalmirante, exministro de Mariña, xefe do Arsenal, condenado á morte por non unirse á sublevación militar, aínda que sen opoñerse a ela. Azarola é o primeiro xefe militar fusilado en Galicia e o de maior gradación de Mariña fusilado polo bando franquista durante a guerra. A mediados deste mes son pasados polas armas sen sentenza varios de Mocidades Libertarias por un intento de

sublevación no establecemento, entre eles Vicente Couce, de 17 anos, fillo da activa anarquista Amalia Fraguela.

6. **Cuartel do Baluarte**. Foi sede do Rexemento de Artillería de Costa nº 2, a principal forza do Exército que participou na rendición do Concello ferrolán e de varias poboacións da comarca en xullo de 1936. Participou na represión da folga de outubro de 1934 e foi prisión nese momento e desde a sublevación de 1936. O 13 de agosto de 1936 son fusilados Fernando Carballo, funcionario municipal, de Unión Republicana, presidente do comité da Fronte Popular da cidade, e Manuel Morgado, concelleiro socialista, e o 16 de marzo de 1937 son fusilados seis artilleiros dese rexemento, acusados de traizón por planear un asalto ao castelo de San Felipe para liberar aos presos. Os consellos de guerra do Exército celebrábanse no cuartel de Enxeñeiros Zapadores, hoxe desaparecido, na contorna da actual praza de España. O Baluarte é sede do **Arquivo Intermedio Militar Noroeste**, aberto o 17 de maio de 1996, que é lugar de memoria democrática ao custodiar as causas e procedementos dos órganos da xurisdición militar do noroeste da Península, unha documentación que pertence ao Tribunal Militar Territorial Cuarto, con sede na Coruña, constituída por uns 2.000 metros lineais de procedementos, resolucións e actuacións xudiciais ditadas polos Xulgados e Tribunais Militares entre 1809 e 1998, que foron arquivados nas Capitanías, Gobernos e Comandancias Militares polo que conserva os sumarios dos consellos de guerra celebrados polos sucesos de outubro de 1934, os da Guerra Civil e a represión da oposición e da guerrilla antifranquista na ditadura. Coordenada: 43°29'12.8"N 8°13'53.8"W
Enlace a mapa de Google

7. **Cantón de Molíns**. A primeira das grandes alamedas de Galicia, mandada construír por Carlos III en 1784, fronte ao edificio Herrerías do Arsenal, esténdese entre a Praza de Galicia e a Praza dás Angustias. O Cantón foi testemuña da defensa do edificio consistorial entre o 20 e o 21 de xullo de 1936 fronte aos sublevados, resistindo o asedio do rexemento de artillería de costa a corporación municipal, con o alcalde Antonio Santamaría, calderero da SECN, á fronte e a presenza de cabos e mariñeiros da Armada. Na contorna achábase tamén a Casa do Pobo da Agrupación Socialista, tomada polos artilleiros. É, en conxunto, un lugar de memoria democrática por estes feitos e por acoller monumentos e estatuas de ferroláns valedores de dereitos individuais e sociais.

Escultura de José Canalejas Méndez, que nace en Ferrol en 1854, do Partido Liberal, presidente do Goberno entre 1910 e 1912. Durante tres anos, Canalejas desenvolveu un programa de goberno orientado a un fortalecemento do Estado en todas as súas dimensións, que

camiñaba a eliminar o caciquismo, reformas sociais e á separación do Estado e de la Iglesia católica. Canalejas expuxo un programa secularizador tépedo, que só en parte puido desenvolver: apertura de escolas laicas, permiso para que confesións non católicas exhibisen libremente os seus símbolos, ou a lei que freaba a expansión das congregacións relixiosas. A estatua de Canalejas, de bronce e a tamaño real, foi creada en 2015 polo escultor Manuel Couto a pedimento do Concello de Ferrol.

Monumento de Pablo Iglesias. Nace en Ferrol o 17 de outubro de 1850 na casa número 65 da rúa San Fernando, hoxe desaparecida, no barrio obreiro de Esteiro. Participa na fundación do Partido Socialista Obreiro Español o 2 de maio de 1879. O monólito do parque ferrolán está formado por un medallón e unha placa conmemorativa que reproduce a lenda doutra desaparecida en 1936 e que foi inaugurado en 1979, no centenario da fundación do partido.

Monólito pétreo con placa “En memoria de Xaime Quintanilla Martínez e dos ferroláns fusilados e represaliados políticos polo franquismo”, por iniciativa da asociación Quintanilla Martínez en 2002, con doazóns particulares. Jaime Quintanilla foi médico, socialista, alcalde de Ferrol entre 1931 e 1934, cofundador das Irmandades da Fala, promotor do Estatuto de Autonomía. Asasinado polos sublevados o 17 de agosto de 1936.

Busto de Camilo Díaz Baliño, escenógrafo, cartelista, pintor, das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, que naceu en Ferrol a mediados de xullo de 1889 e foi asasinado en Palas de Rei o 14 de agosto de 1936. Instalado por iniciativa do Club de Prensa de Ferrol en 1999, roubado en 2007, en 2011 colocouse o busto actual, obra de Rubio Gascón.

Monumento á Liberdade de Prensa. É unha obra de Manuel Patinha, Ás Ceibes, doada polo Club de Prensa de Ferrol, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Caixanova con motivo do día da Liberdade de Prensa en 2005. A escultura rende homenaxe a José Couso, fotoxornalista asasinado na guerra de Iraq, e a todos os profesionais da información que loitan por desenvolver o seu traballo en liberdade.
Coordenada: 43°28'58.9"N 8°13'54.9"W
Enlace a mapa de Google

8. **Teatro Jofre**. En 1915, entre o 30 de abril e o 2 de maio, tentouse celebrar nel un Congreso Internacional pola Paz convocado polo Ateneo Sindicalista de Ferrol, o que foi impedido polas autoridades. Este congreso estaba aberto a socialistas, sindicalistas, anarquistas e organizacións obreiras do mundo para propoñer medidas para terminar coa guerra europea e para

evitar no futuro "crimes de lesa humanidade", así como proclamar "o desarmamento xeral dos exércitos permanentes". Asisten delegados de Portugal, Brasil e Cuba, relevantes figuras do anarquismo como Ángel Pestana, Carbó e Constancio Romeo. Acordouse constituír unha nova Internacional Obreira e crear un comité de coordinación da acción antibelicista. O teatro foi escenario de mitins e actos de organizacións democráticas e sindicais en 4 a II República. O 1 de maio de 1932 celébrase unha "Asemblea Magna Prol-Traballo", convocada polos dous grandes sindicatos da construción naval: o Sindicato Xeral de Traballadores da Industria Naval, de CNT, e a Asociación Obreira A Naval, de UXT. Interveñen como oradores: Carlos Pérez Fachal, Guillermo Cedrón, comunista, Matías Usero, polo Partido Socialista, e Mario Rico (CNT), asasinados en 1936. Na campaña do referendo do Estatuto de Autonomía celébrase un mitin o domingo 14 de xuño de 1936, ao que asisten os alcaldes da Coruña, Ferrol e edís da comarca. Toman a palabra a favor da autonomía de Galicia dirixentes dos partidos da Fronte Popular.

Coordenada: 43°28'56.6"N 8°14'01.3"W
Enlace a mapa de Google

9. Centro Obreiro de Cultura e Beneficencia, edificio hoxe situado no número 138 da Rúa Real, inaugurado en marzo de 1928 no entón número 116, aínda que o Centro existía desde 1911, por iniciativa de obreiros do sector naval, con apoio de sindicatos, socialistas e republicanos, na súa biblioteca albergou máis de dez mil volumes. Tivo filiais en Covas e O Seixo. Lugar de gran actividade cultural e educativa da clase traballadora durante a República. Parte da súa importante biblioteca foi queimada por falanxistas, en 1936 na Praza de Amboage. Unha parte rescatada do seu fondo bibliográfico se garda hoxe na Biblioteca Municipal.

Coordenada: 43°28'59.1"N 8°14'11.4"W
Enlace a mapa de Google

10. Prisión do partido xudicial. Avenida de Vigo. Hoxe Comisaría de Policía Nacional. Desde 1929 foi centro de detención provisional de sindicalistas e participantes en protestas laborais. Recibiu un centenar de detidos tras a folga de outubro de 1934, detencións de homes e mulleres que se reproduciron ao longo de 1935, a maior parte por posesión de armas, ata a amnistía de 1936, sendo acusados traballadores e sindicalistas de agresións á forza armada, incendios, fabricación de bombas, colocación de explosivos, rebelión, impresión clandestina, coaccións e ameazas. Este cárcere foi utilizada tras a sublevación militar do 20 de xullo de 1936 para detidos e detidas que serían obxecto de condenas á morte en consellos de guerra (como Amada García, do Partido Comunista) e de execucións extraxudiciais como María

Abella e Josefa Gómez Mera do Grupo Feminino Socialista, Milagros Nidáguila, de Mocidades Socialistas Unificadas, o exsacerdote Matías Usero, o presidente da Deputación Provincial José López Bouza…. O 19 de decembro de 1947 tivo lugar nela a execución de Segundo Vilaboy, plomero da construción naval, guerrilleiro antifranquista e militante do PCE.
Coordenada: 43°29'04.9"N 8°13'29.8"W
Enlace a mapa de Google

11. **Prisión naval militar de Caranza**. Edificio da Escola de Especialidades Antonio Escano en Telleiras, Caranza. Entre 1946 e 1955 están documentadas estancias de detidos na Prisión Naval Militar da Graña por delitos contra a seguridade do Estado e auxilio á rebelión, rebelión e sedición, mentres a Prisión Naval Militar de Caranza (inaugurada en 1952) acolleu obxectores de conciencia que se negaban a realizar o servizo militar e a detidos políticos a finais dos sesenta e nos setenta. En 1967 foron ingresados en Caranza como preventivos sindicalistas ferroláns polo conflito de PYSBE. Desde 1968 retén a mariñeiros condenados polo Tribunal de Orde Pública de Madrid por asociación ilícita e propaganda ilegal. A represión das mobilizacións obreiras en Ferrol desde 1970 produce a estancia nas celas de Caranza, entre 1970 e 1972, de opositores antifranquistas, entre eles sindicalistas de Comisións Obreiras, acusados de realizar actos de propaganda ou por asociación ilegal.
Coordenada: 43°29'07.6"N 8°13'01.4"W
Enlace a mapa de Google

12. **Casa natal de Concepción Arenal**. Rúa Real, 177. O 31 de xaneiro de 1820 nace en Ferrol nesta vivenda a loitadora polos dereitos das mulleres, pioneira do feminismo, que, dentro do movemento do catolicismo social, defendeu a mellora das condicións dos presos e a axuda social aos marxinados, promovendo a extensión da educación básica ás clases máis desfavorecidas.
Coordenada: 43°28'57.3"N 8°14'11.2"W
Enlace a mapa de Google

13. **Casa natal de Ricardo Carvalho Calero**. Rúa San Francisco. Casa natal de Ricardo Carvalho Calero. Rúa San Francisco. Filólogo e escritor, Licenciado en Dereito e en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor pola Universidade de Madrid, membro numerario da Real Academia Galega e da Academia das Ciencias de Lisboa, primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega (USC). Naceu o 30 de outubro de 1910 nesa casa, número 51 da rúa San Francisco en Ferrol Vello. Fundador do Partido Galeguista en 1931, redactor do Estatuto de Autonomía, presidente da Federación Universitaria Escolar (FOI), compromisario electo para a votación da presidencia da República en 1936 e oficial do exército republicano. En 1939 foi condenado a 12 anos de cárcere.

Preso en Xaén, en 1941 regresou a Ferrol en liberdade condicionada, inhabilitado para exercer emprego público. Traballou durante quince anos no colexio Fingoy á vez que se doutoraba. Ingresou na Real Academia Galega en 1958. En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago.
Coordenada: 43°28'45.6"N 8°14'29.2"W
Enlace a mapa de Google

14. **Monumento Dez de Marzal**. Escultura de Xoán Braxe en memoria os sucesos do 10 de marzo de 1972, situada na rotonda que conecta coa avenida das Pías, preto do lugar onde dous obreiros de BAZÁN falecen por disparos da Policía Armada nunha manifestación con reivindicacións laborais. A finais da década de 1960 nos estaleiros da ría (BAZÁN e ASTANO) viviáse un aumento de conflitividade articulado ao redor dunha forma de organización que se abría paso nas factorías: a Comisión Obreira. A empresa nacional BAZÁN sufría unha diminución da carteira de pedidos que afectaba os seus rendementos. A dirección da empresa decidiu despedir 1.200 traballadores de Obras Civís. Os traballadores opuxéronse aos despedimentos, reivindicando a calidade do seu traballo e o problema social que os despedimentos supoñían. Elixiron nas asembleas enlaces de Comisións Obreiras para representar os seus intereses. A mediados de xaneiro de 1967, Comisións Obreiras convocou unha manifestación de apoio aos despedidos de Obras Civís, na que aos tres mil de BAZÁN sumáronse os traballadores de ASTANO e PYSBE. A conflitividade reactivouse e alcanzou o punto crítico en 1972, cando a negociación do convenio colectivo desembocou en conflito. Mentres os estaleiros de Cartaxena e Cádiz aceptaban o convenio, cuns xurados de empresa proclives ao réxime, Ferrol rexeitábao. O 10 de marzo de 1972 unha manifestación pacífica de catro mil obreiros dirixíase desde a praza de España cara á ponte das Pías. Preto de Porta Nova a Policía Armada disparou causando máis de corenta feridos de bala e dous obreiros mortos: Amador Rey e Daniel Néboa. A cidade paralizouse e en solidariedade multiplicáronse os paros en Vulcano, Barreiras e Citroën en Vigo, mentres os actos de repulsa estendéronse a Madrid, Barcelona, Euskadi e Andalucía. O 10 de marzo está sinalado como data de conmemoración do "Día dá Clase Obreira Galega".
Coordenada: 43°29'14.2"N 8°13'22.1
Enlace a mapa de Google

15. **Portal número 27 de Rúa Terra**. Aquí foi asasinado o sindicalista Ramón Reboiras, militante de Unión do Pobo Galego, o 12 de agosto de 1975, por disparos de axentes da Brigada Político Social da Policía, cando tentaba organizar un sindicato de orientación

nacionalista na construción naval ferrolá. É a última vítima mortal da represión franquista en Galicia.
Coordenada: 43°29'05.3"N 8°14'01.8"W
Enlace a mapa de Google

16. **Arquivo Naval de Ferrol**. Palacio de Capitanía. Rúa Real. Continuador orgánico do antigo Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico é un dos cinco arquivos intermedios que forman parte do Subsistema Arquivístico da Armada. Reúne, organiza, custodia e serve fondos procedentes dos órganos con sede e/o responsabilidades na antiga xurisdición territorial da Mariña de Guerra en Ferrol e, no futuro, os procedentes dos órganos da Armada que exerzan as súas funcións dentro do territorio da suprimida Zona Marítima. Os fondos do Arquivo datan maioritariamente do último cuarto do s. XIX, aínda que existen pequenos grupos do s.XVIII e primeira metade do s. XIX. De especial interese é o fondo de Xustiza, formado por expedientes e causas tramitados pola autoridade xudicial do Departamento e da Escuadra ou Frota, que se acha en réxime de depósito do Tribunal Militar Territorial IV, polo que conserva en depósito a documentación dos consellos de guerra polos sucesos no Arsenal, nos buques que permaneceron fieis á República e todos os promovidos pola Armada contra civís e militares tras a sublevación na zona marítima do Cantábrico. Garda ademais os libros do presidio do Dique e rexistros de presos doutros recintos do Arsenal Militar, unha memoria diaria da represión.
Coordenada: 43°28'52.5"N 8°14'21.9"W
Enlace a mapa de Google

17. **Monumento memorial de Canido**. Inaugurado no Parque Antón Varela o 24 de febreiro de 2024, por iniciativa de grupos memorialistas e historiadores, co apoio de todos os partidos políticos representados na corporación municipal. É un conxunto de escultura de aceiro inoxidable, “Pétaas do Passado”, deseñada por Manuel Patinha, e placa memorial que recolle a relación cronolóxica con 904 nomes de vítimas mortais do período histórico do franquismo (1936-1975) que tiveron lugar nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, sustentada nas investigacións de Bernardo Máiz Vázquez e Xosé Manuel Suárez Martínez.
Coordenada: 43°29'12.6"N 8°14'23.3"W
Enlace a mapa de Google

18. **Comisaría de Policía de San Amaro**. Lugar de detención e tortura de sindicalistas e políticos da oposición ao franquismo desde mediados dos anos sesenta a 1975. En 1967 sindicalistas de BAZÁN e a representante das traballadoras da factoría de salgaduras PYSBE, Ángeles Rivera, estiveron detidos nesta comisaría, sendo condenados polo TOP en 1968 por encabezar as mobilizacións laborais en PYSBE. Tivo un papel esencial na represión en marzo de 1972 con detencións e torturas.

Coordenada: 43°29'01.8"N 8°13'43.7"W
Enlace a mapa de Google

19. **Factoría de Navantia, Ferrol**. Nas súas instalacións, herdadas da Sociedade Española de Construción Naval, logo Empresa Nacional BAZÁN, tiveron lugar actividades de loita de defensa dos dereitos de traballadores desde o século XIX e no XX contra o golpe de estado de 1936 e a ditadura posterior. Traballadores da construción naval (dos persoais da SECN e da Maestranza e das empresas posteriores) foron executados ou detidos na defensa dos valores democráticos ao longo do século pasado. O movemento obreiro antifranquista tivo unha especial actividade en Ferrol en diversos momentos: 1936, 1946 coa folga do aceite, 1966 coa mobilización contra o despedimento dos traballadores que compoñían a Sección de Obras Civís de BAZÁN e os sucesos de marzo de 1972.
Coordenada: 43°28'54.2"N 8°13'41.4"W
Enlace a mapa de Google

20. **Lugares no antigo municipio de Serantes**. O 11 de febreiro de 2011 erixiuse un monólito en memoria do alcalde republicano de Serantes Alejandro Porto Leis, traballador da naval, e de tres veciños que o protexeron, asasinados en febreiro de 1938. Foi inaugurado fronte ao edificio municipal ata 1940, hoxe Centro de Saúde. E dúas homenaxes a Juan García Néboa (A Graña, 1875), docente asasinado o 17 de agosto de 1936. En 1930, o concello de Serantes nomeou a estrada de San Xoán, entre a estrada de Castela e a ponte do ferrocarril, como rúa Juan García Néboa, coa colocación dunha placa que foi retirada polos sublevados en 1936. O concello de Ferrol aprobou en 1986 recuperar o nome desa rúa como "Avenida Mestre García Néboa". En 2016, ao pé dun carballo que se plantou no parque Máximo Ramos na Graña, por iniciativa da Asociación de Veciños Rosalía de Castro, colocouse unha placa en recordo ao mestre seguidor da Institución Libre de Ensino, que promoveu a nova pedagoxía en varias escolas públicas de Serantes e Ferrol.

Monolito en memoria do alcalde republicano de Serantes Alejandro Porto Leis.
Coordenada: 43°29'55.6"N 8°14'40.2"W
Enlace a mapa de Google

Homenaxes a Juan García Niebla.
Coordenada: 43°29'39.3"N8°12'47.9"W
Enlace a mapa de Google

Placa en lembraza a Juan García Niebla.
Coordenada: 43°29'01.0"N 8°15'37.5"W
Enlace a mapa de Google

Comunicaron a súa adhesión e apoio ao contido deste informe presentado na solicitude para a declaración de Ferrol como "Lugar de Memoria Democrática":

Achegaron suxestións e datos: Eliseo Fernández, Emilio Grandío, Bernardo Máiz, Fernando Ocampo, Asociación Ferrolterra Antiga, Ateneo Ferrolán e Memoria Histórica Democrática de Ferrol.

- **XOSÉ MANUEL SUÁREZ MARTINEZ**. Licenciado en Xeografía e Historia (UNED, 1992). Doctor en Xeografía e Historia (UNED, 2001), tese "Alzamento e represión na comarca de Ferrol, 1936-1939". Experto en Tecnoloxías Avanzadas para a xestión e documentación do Patrimonio Cultural (UNED, 2025). Membro do Consello de Memoria Democrática do Concello de Narón. Membro dos comités científicos e organizadores dos Congresos da Memoria de Narón (2003), Culleredo (2005) e Pontevedra (2007). Libros: *O alzamento de 1936 no norte da Coruña* (1992), *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca* (2002), *Armas para a República* (2006), *Crónica negra de la Marina española* (2014).

- **ENRIQUE BARRERA BEITIA**. Profesor de Xeografía e Historia. Secretario da Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática. *La transición en Ferrol*, 2001. Ferrol 1931- 1952. *De la República a la posguerra*, 2005. *Galegos en Mauthausen*, 2012. Cedeira. *O prezo da liberdade*, 2023.

- **ELISEO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**. Licenciado en Documentación pola Universidade da Coruña. *Unha biblioteca obreira: O Centro Obrero de Cultura y Beneficencia de Ferrol* (1911-1936) con C. Siodor, 1999. *José López Bouza, do anarquismo ao republicanismo. E o seu fillo o pintor José López Fernández*, 2002. *O anarquismo na Galiza* (con D. Pereira); 2004. *Obreirismo ferrolán*, 2005. *O movemento libertario en Galiza* (con D. Pereira), 2006.

- **LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO**. Catedrático de Historia Contemporánea. Departamento de Historia, Universidade de Santiago de Compostela. Publicacións: con Míguez (2018) *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*; con Artiaga (2018), Vol. 111, Ayer "Soldados para el frente"; (2020) con Vilavedra e Míguez. *1936. Un novo relato*, 2020. Director de proxectos: Interuniversitario *As vítimas, vos nomes, as voces e vos lugares*, investigación histórica da violencia golpista en Galicia; "La socialización en la guerra contra la República y los apoyos a la dictadura (1936-1939). Reclutamiento, movilización y participación en el Ejército sublevado" (2009-2012). Tamén director do equipo do Plan Cuatrienal de Memoria Histórica (2021-2024), para a exhumación de fosas en Galicia.

- **UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL**. Director da Cátedra de Memoria Histórica (UDC). Doctor en Historia pola Universitat de Barcelona. Mestrado Universitario en Historia Contemporánea pola USC; Mestrado Universitario en Didáctica das CC.SS. pola UAB e Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade pola UDC. Profesor da Universidade da Coruña, na que dirixe a Cátedra de Memoria Histórica, representando á mesma no Consello da Memoria Democrática do Concello de A Coruña. Promotor e organizador desde 1996 de palestras, xornadas e congresos sobre historia e memoria histórica. Cofundador e director desde 2003 de *Murguía, Revista Galega de Historia*. Presidente da Asociación Galega de Historiadores entre 2001 e 2011; e do Instituto Galego de Historia desde 2011. Entre o 2006 e o 2009 foi membro do Consello da Memoria da Consellería de Cultura, Xunta de Galicia. Foi director do Centro de Estudos e Documentación Alexandre Bóveda, Cátedra Alexandre Bóveda da Universidade de Vigo (2007-2012). É autor de diversos libros e asesor de varios documentais en materia de memoria histórica.

- **EMILIO GRANDÍO SEOANE**. Profesor titular de Historia Contemporánea e de América na Universidade de Santiago de Compostela, doctorado en 1995 coa tese "La CEDA en Galicia (1931-1936)". Autor dos Informes Históricos sobre o Pazo de Meirás encargados pola Deputación da Coruña (2018) e a Comisión de Expertos da Xunta de Galicia (2019), sobre a Casa Cornide (Concello da Coruña / Instituto Cornide, 2020). Coordinador –con Núñez Seixas– do dossier 'Meirás: a sombra da ditadura' en Grial. Revista Galega de Cultura (2019). Membro das redes internacionais 'Direitas, Història e Memoria' e 'Red para o estudo dos fascismos, autoritarismos e transicións á democracia' (REFAT). Membro do Consello Municipal de Memoria Democrática da Coruña. Membro numerario e Director de Publicacións do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses e vogal da Xunta Directiva da Asociación de Historiadores do Presente. Participou en proxectos de investigación sobre temas de España e América financiados polo Ministerio de Educación e Ciencia, pola Xunta de Galicia e pola Deputación da Coruña. Coordinou o Proxento Interuniversitario (USC, Uvigo, UDC) *As vítimas, os nomes, as voces e os lugares*. Foi director de HISPONA-USC e coordinador do Grupo EUCODE, Proxecto Europeo sobre la cultura del fascismo / antifascismo. Publicou: *Años de Guerra. A Coruña, 1936-1939* (1999). *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República* (1999). *Vixiancia e represión na Galicia da guerra civil: o "Informe Brandariz"*, (2001). *Política e provincia: a Deputación da Coruña na II República* (2002). *A Segunda República en Galicia. Memoria, mito e historia* (2010). *Vixiados: Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil, 1936-1939* (2011).

- **LUIS LAMELA GARCÍA**. Pioneiro na restauración histórica da memoria do franquismo e o antifranquismo en Galicia desde 1987. Colaborou en xornais e revistas, asesor do Proxecto Interuniversitario *As vítimas, os nomes, as voces e os lugares* e membro da Comisión Municipal de Aplicación da Memoria Histórica asesora da Comisión de Honras e Distincións do Concello da Coruña, para a retirada d simboloxía franquista na cidade. En 2006 outorgóuselle o galardón "Faro Nerio", polo súa actividade de recuperación da Memoria Histórica. Cinco anos despois o "Premio de honor Radio Nordés- Cadena SER 2011", pola súa achega á Memoria Histórica galega. Tamén galardoado na categoría do "Premio de investigación e divulgación histórica", da Fundación Luis Tilve, de Santiago.

- **GUILLERMO LLORCA FREIRE**. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e profesor numerario de instituto. Investigador especializado na Historia de Ferrol, publicou máis de corenta libros, entre os de autoría individual e colectiva, e centos de artigos e traballos de investigación. *Los partidos políticos en Ferrol durante la II República*, 1987. *Historia da prensa ferrolá*, 1993. "Ferrol Contemporáneo", en *Historia de Ferrol*, 1998. *10 de Marzo. Órgano de Comisiones Obreras de El Ferrol*, Fundación 10 de Marzo, 1999. *¡Viva la Pepa! Conmemoración do 200 aniversario da aprobación da Constitución Española de 1812*, 2012. *Juan García Niebla: entre a innovación pedagóxica e o compromiso cidadán*, 2015. "Xulio Aneiros, unha madeira nobre", en *Julio Aneiros, la lucha imprescindible*, 2004. Desde 2015 a 2025 coordinou dez volumes da colección Memoria Histórica de Ferrol para Edicións Embora.

- **ÁNXELA LOUREIRO FERNÁNDEZ**. Mestra. Premio 10 de Marzo 2025 da Fundación 10 de Marzo. Libros: *Voces da memoria con ollos de muller* (2019). *Centro Social de Santa Mariña. Unha vítima do franquismo* (2022). Artigos: "A memoria nos rostros" en *Rostros da memoria Ferrol 1972* (2022). "O Movemento Democrático de Mulleres en Ferrol" en *Atenea* (2022). "As mulleres do 72. Pepitas de ouro" en *Memorial e monumento á vítimas do franquismo en Ferrolterra, Eume e Ortegal*. (2024). "Unha luz na longa noite de pedra" en *FerrolAnálisis* (2024).

- **BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ**. Catedrático de Xeografía e Historia (1976-2010). Doutor en historia coa tese "A guerrilla antifranquista en Galicia: a esquerda militante galega" (Zaragoza, 1984). Obras: *Galicia na Segunda república e baixo o franquismo*, 1988. *Memoria- Catálogo das publicacións galegas antifranquistas*, 1990. *Resistencia, guerrilla e represión: causas e Consellos de Guerra. Ferrol. 1934-1955*, 2004. *O marco lexislativo represivo do franquismo, 1959-1978*, 2007. *Castelo de San Felipe. Cárcere e morte*, 2010. *Amada García e os seus arredores*. 2017. Participación en volumes

colectivos: "O 36 en Galiza", "Os anos 10 despois: 1936-1953", "Galiza: 1953-1975", 1987-1988. Voces "Guerra Civil" e "Guerrilla", Gran Enciclopedia Gallega, 198... *O pensamento galego na historia. Aproximación crítica*, 1990. *El movimiento guerrillero en los años 40*, 1990. *Maquis. Crónica de la Guerrilla Antifranquista*, 2009. *Síntese hístórica do movemento obreiro galego das orixes ata 1984*, 2010. *Represión franquista e memoria histórica*, 2016. *Hei de entrar no meu povo, reivindicarmos Carvalho Calero*, 2019. *Os nomes do terror*, 2017-2018. *Galicia 1972, a clase obreira e a cidadanía contra o franquismo*, 2022. Dirección científica do ciclo *Non des ao esquecemento. Ano da memoria.1936-2006*, 2006. Codirección científica congreso *A guerrilla Antifranquista Galega*, 2009. Premio Didáctico Fundación Fraguas Museo do Pobo Galego, (2008). Premio Manuel Murguía Labor e Mérito Historiográficos, Asociación Galega de Historiadores, 2010. Con Xosé Manuel Suárez investigación e elaboración da lista nominal de vítimas mortais do franquismo (1936-1975) en Ferrolterra-Eume-Ortegal. Membro da Cátedra de Memoria Histórica da Universidade da Coruña.

- **XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS**. Doutor en Historia Contemporánea no Instituto Universitario Europeo de Florencia, e catedrático da mesma materia na Universidade de Santiago de Compostela; entre 2012 e 2017 tamén na Universidad Ludwig-Maximilian de Munich. Seus campos de investigación son a historia comparada e transnacional dos nacionalismos en Europa, ademais da historia social e cultural da guerra, e a memoria da guerra e as ditaduras. Entre os seus últimos libros destacan: *Sites of the Dictators. Memories of Authoritarian Europe, 1945-2020* (2021); *The Spanish Blue Division on the Eastern Front, 1941-1945* (2022); *Volver a Stalingrado. ¿El frente del este en la memoria europea, 1945- 2021?* (2022) e *Beyond Folklore? The Franco Regime and Ethnoterritorial Diversity in Spain, 1930-1975* (2024). *¿Orden o República? Conflictividad social y política en A Coruña, 1931- 1936* (2020). *Pasado arrincado. Lugares de Memoria en Galicia* (2024).

- **ESPERANZA PIÑEIRO DE SAN MIGUEL**. Directora de FerrolAnálisis. Licenciada en Historia pola USC. Catedrática de Historia de instituto. Publicacións: *Historia de la Escuela de Artes y Oficios de Ferrol* (1994); *Rubia Barcia, un intelectual no exilio* (1995); *Xentes do mares de Ferrol* (1996); *A guerra de Cuba vista desde Ferrol* (1998); "El trabajo de la mujer ferrolana y su asociacionismo a principios del XX", 2001.

- **FRANCISCO XAVIER REDONDO ABAL**. Licenciado en Xeografía e Historia (USC). Traballa na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela desde 1991. Integrante do Consello de Cooperación Bibliográfica de Galicia. Membro do Consello

da Cultura Galega, Sección Patrimonio e Bens Culturais. *Botarse ao monte: censo de* : *censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*, 2006. *Arelas de liberdade na Galiza: galegos perante o Tribunal de Orde Pública (TOPGAL, 1964-1976)*, 2017. *El movimiento libertario español visto por la policía franquista: documentos de la Brigada Político-Social sobre la CNT-FAI-JJLL (1941- 1960)*, 2023.

- **VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS**. Foi profesor de Ensinanza Secundaria e profesor asociado do Departamento de Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade de Santiago de Compostela. Doutor en Historia Contemporánea pola USC, onde defendeu a tese titulada *O Partido Comunista en Galicia (1920-1968)* que publicou como *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, 2002. Autor de varios traballos didácticos (*Unidade Didáctica sobre o 10 de Marzo*) e de investigación histórica: *O 10 de Marzo. Unha data na Historia*, en colaboración con Gómez Alén; *Diario del soldado republicano Casimiro Jabonero. Campo de concentración de Lavacolla. Prisión de Santiago de Compostela, 1939-1940*, 2004; *A porta do inferno. O campo de concentración de Camposancos na Guarda (Pontevedra)*, 2021, en colaboración con Urís Guisantes.

- **FERNANDO SERRULLA RECH**. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Valladolid e Master en Antropoloxía Física e Forense pola Universidade de Granada. Antropólogo Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Doutor pola Universidad de Granada, tese: *Antropoloxía Forense da Guerra Civil Española*, 2018. Director da *Revista Internacional de Antropología y Odontología Forense*. Membro do equipo multidisciplinar de USC-IMELGA de exhumacións en Galicia en el Plan Cuadrienal de exhumacións do Goberno de España. Membro do equipo de Antropologxía Física da Sociedade de Ciencias Aranzadi. Dedicado as tarefas de exhumacións e identificacións da Guerra Civil desde 2001.

- **RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ**. Licenciado en Xeografía e Historia (USC, 1991). Doutor por la Universidade de Vigo, tese "Emigración, cambio social e politización na Galicia rural: 1880-1960. Unha perspectiva local e microsocial", 2012. Catedrático de Xeografía e Historia en Secundaria. Forma parte de HISPONA-USC. Con J. Prada "Antropoloxía da memoria, representación simbólica e función social das construcións míticas relativas á represión franquista", 1996. "Eu non tiña oficio, era labrego: identidade, representación e memoria na Galicia rural, 1890-1960", 1997. "Los abuelos hacen memoria para que sus nietos recuperen la Historia", 2002; "As consecuencias da represión para as mulleres do rural", 2008.

- **CARLOS FRANCISCO VELASCO SOUTO**. Doutor en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor xubilado de Historia Contemporánea na Universidade de A Coruña. Investigador especializado en movementos sociais en Galicia, autor de varios libros e numerosos artigos en revistas especializadas. Libros: *Galiza na II República*, 2000; *O Agrarismo Galego*, 2002; 1936 *Represión e Alzamento militar en Galiza*, 2006; *A represión franquista en Oleiros (1936-1950)*, 2008; en colaboración: *Os nomes do terror*, 2017; *A Transición en Galiza*, 2023. Asesor científico do proxecto *As Vítimas, As Voces, Os Nomes e Os Lugares*.

Relación de asociacións memorialistas a esta iniciativa:

Ateneo Ferrolán
Mail:secretaria@ateneoferrolan.gal
NIF: G15037468
Nº de inscrición no Rexistro Central de Asociacións Galicia: 1976/000347-1a
Presidente: Xabier Montero Dongil

Asociación Ferrolterra Antiga
Mail: ferrolterraantiga@gmail.com
NIF: G70507801
Nº de inscrición no Rexistro Central de Asociacións de Galicia: 2016/020058-1
Presidente: Rubén Labisbal Pérez

Asociación López Bouza
Mail: asociacionlopezbouza@gmail.com
NIF: G70080338
Nº de inscrición no Rexistro Central de Asociacións de Galicia: 2006/009970-1
Presidente: Bernardo Rego Gárate

Asociación Sociocultural Fuco Buxán
Mail: fucobuxan@gmail.com
NIF: G15709025
Nº de inscrición no Rexistro Central de Asociacións de Galicia: 275/99
Presidenta: Susana Alaniz González

Ferrol, Lugar de Memoria Democrática

XABIER MONTERO DONGIL

Presidente do Ateneo Ferrolán

Corrección Atenea número 57:

Paxina 18, liña 20: *Apoiou, en 1872,* en vez de *Apoiou, en 1972,*

FERROL



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura